

ESTUDIOS SOBRE LA DOCTRINA DEL TRIBUNAL DE JUSTICIA EN MATERIA DE POLÍTICA SOCIAL

Directores: Gárate Castro, J. y Maneiro Vázquez, Y.
Editorial: Thomson-Reuters Aranzadi, 352 páxs.

É sobradamente coñecido o efecto transformador que no ordenamento xurídico interno español tivo ao longo dos anos a acción decisora do Tribunal de Xustiza, xa sexa mediante sentenzas, xa mediante autos, o cal require que os operadores xurídicos se manteñan perennemente atentos aos seus pronunciamentos. Na consecución de tal obxectivo colabora o libro que aquí se comenta, titulado "Estudios sobre la doctrina del Tribunal de Justicia en materia de política social" e dirixido polos profesores Gárate Castro e Maneiro Vázquez, ambos pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela. A obra, de carácter colectivo, conta, ademais, coa colaboración de prestixiosos investigadores de diferentes universidades españolas, así como de profesionais do ámbito xudicial ou administrativo integrantes, na súa maioría, do proxecto de investigación referido, o que xa permite avanzar a profundidade y exhaustividade desta obra.

Tanto o preámbulo como os dos primeiros capítulos do volume son obra de Javier Gárate Castro, que sinala o emprego público temporal como a materia estrela dos pronunciamentos recentes do Tribunal de Xustiza en relación co reino de España. Valóranse non só os pronunciamentos xa emitidos, senón que se valora o poder transformador dos que están por vir. O autor realiza unha análise polémica, e fundada, sobre a formulación española de peticións en materia de política social, sinalando os múltiples erros, e tamén acertos, na redacción destas. A esta análise únese a referencia ás modificacións legais que se foron derivando dos pronunciamentos do Tribunal de Xustiza. Desta forma no

primeiro capítulo realízase un imprescindible percorrido polas máis transcendentais decisións prexudiciais, valorando a súa influencia no dereito interno, e sinalándoas como elemento modernizador dun ordenamento xurídico nalgúns casos petrificado.

Apúntase como en múltiples ocasións os tribunais internos optaron pola interpretación conforme como forma de actuación con plena garantía de eficacia do Dereito da Unión, pero tamén os casos nos que a decisión do Tribunal de Xustiza implicou un forzoso cambio de criterio polos tribunais. En relación con este suposto indica o autor a necesidade dunha maior seguridade xurídica, mediante cambios normativos, non meramente interpretativos.

Os transcendentais pronunciamentos en materia de emprego público temporal son prolíficamente analizados, incluíndo as decisións nas que o Tribunal de Xustiza considerouse incompetente por razón da materia. E en referencia a estas, e outras situacións, realízase unha mordaz crítica ás decisións prexudiciais absurdamente formuladas, sinalando os supostos nos que se chegaron a formular preguntas hipotéticas ou cuxas respostas non serían aplicables ao litixio principal do que supostamente traen causa. Situacións que deron lugar a decisións nas que se sinala o notoriamente infundado do enfoque, para descrédito da correspondente instancia xudicial.

No segundo capítulo ponse o foco na multitude de pronunciamentos en materia de emprego público, e en como dende o Tribunal de Xustiza se intentou perfilar a ilegalidade das prácticas nacionais. Conclúe o autor que pese a todo segue sendo unha figura sen un marco normativo claro, polo que as decisións do Tribunal de Xustiza seguen sendo imprescindibles para determinar os límites no recurso á contratación temporal neste ámbito.

O terceiro capítulo, da man de David Ordoñez Solís, perfila con aínda máis detalle o concepto do abuso no emprego público temporal, tanto dende a perspectiva xudicial como lexislativa, poñendo o foco na sentenza do Instituto Madrileño de Investigación e Desenvolvemento Rural, Agrario e Alimentario. Entende o autor, e xustifica fundadamente, que este pronunciamento supuxo un antes e un despois na

materia, dando lugar, entre outras consecuencias, á aprobación da Lei 20/2021 e á inclusión da disposición adicional decimosegunda do EBEB como vía para a limitación das altas taxas de temporalidade no noso emprego público. Pese a establecer tal relación, en ningún caso descoñece a existencia e transcendencia da carta de emprazamento ao respecto emitida pola Comisión Europea. Especialmente interesantes resultan as conclusións deste capítulo, nas que insiste no imprescindible e urxente dunha correcta transposición da Directiva 1999/70.

O cuarto capítulo é obra de Yolanda Maneiro Vázquez, capítulo no que se analizan en profundidade as implicacións dos dous autos emitidos en relación coas dúas decisións prexudiciais relativas ao SESCOG. Como acertadamente sinala a autora, a solución mediante Auto implica que non estamos antes solucións novidosas. Se ben en ambas as peticións coincide o demandado, os seus obxectos son totalmente diferentes: na primeira valórase se os trienios perfeccionados en situación de vínculo temporal na categoría de enfermeiro por profesional con praza en propiedade de TCAE deben ser valorados na categoría de prestación de servizos, e non na que ten praza en propiedade. O segundo suposto valora a posibilidade de que un traballador temporal solicite exención de gardas médicas por razóns de saúde, posibilidade permitida aos traballadores fixos. As solucións do Tribunal de Xustiza en ambos os supostos son dispares. Entende que no primeiro caso non estamos ante un suposto no que sexa aplicable a Directiva 1999/70/CE, dado que o citado traballador non ten a condición de traballador temporal, e estima a pretensión no segundo, seguindo, entre outros, os razoamentos do asunto *Vernaza Ayovi*.

O quinto capítulo desta obra colectiva, da man de Nora Martínez Yáñez, analiza as repercusións na posibilidade de indemnización por cese de funcionarios interinos, centrándose na sentenza do asunto *Baldonado Martín*. Sinala con acerto a autora a singular iniciativa despregada polo Tribunal de Xustiza neste asunto, que lle levou a estender a súa argumentación *extra petita*, valorando a posible discriminación entre traballadores afectos a reximes xurídicos diferentes: laborais temporais e funcionarios interinos. Alenta

desta forma unha sorte de visión unitaria do réxime de temporalidade no emprego público, pese á cal desestima a existencia de contravención da cláusula 4 do Acordo Marco co proceder da Administración, e, por tanto, as peticións de indemnización por cese interesadas. A autora realiza unha moi interesante reflexión sobre o interese da xudicatura interna en combater o constante fraude no emprego público español mediante a utilización como ariete do Tribunal de Xustiza.

O sexto capítulo é obra de Francisco Javier Hierro, e toma como base de análise os diversos pronunciamentos do Tribunal de Xustiza en relación co denominado complemento de aportación demográfica, conforme a primeira aproximación que a este efectuou a lexislación española. Anoa ao labor do Tribunal de Xustiza a modificación xurídica posterior da norma, correctora das censuras xurídicas efectuadas polo Tribunal de Xustiza.

No sétimo capítulo Remedios Menéndez Calvo efectúa unha interesante aproximación á doutrina do Tribunal de Xustiza en materia de diversidade e igualdade de xénero. Analiza así os pronunciamentos tuteladores da discapacidade; a discriminación por razón de xénero; discriminación por razón de raza ou orixe étnica; idade; orientación sexual; conviccións e crenzas relixiosas, remarcando a influencia que nestas materias tivo a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza no Dereito do Traballo español ao ampliar o concepto de discriminación.

O oitavo capítulo volve a ser obra de Yolanda Maneiro Vázquez. Nel analiza a natureza revulsiva que a sentenza do asunto *Marclean Technologies* tivo na interpretación dos límites temporais do artigo 51 do Estatuto dos traballadores. De xeito minucioso aclara o novo concepto do despedimento colectivo que se deriva da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, dende a inicial sentenza *Rabal Cañas* ata a citada *Marclean Technologies*. E iso en canto á interpretación que tales pronunciamentos efectúan da Directiva 98/59 CE, coa conseguinte afectación do dereito interno, que supón un claro toque de atención á doutrina do Tribunal Supremo na materia.

No noveno capítulo, Alicia Villalba Sánchez analiza en detalle a doutrina do Tribunal de Xustiza en materia de sucesión abusiva de contratos de duración determinada “fixos de obra”, así como as consecuencias da transmisión de empresas á luz do Dereito da Unión. Como base principal desta análise toma o asunto *Acciona Agua*, no que se analiza a figura contractual establecida no Convenio Colectivo do sector da construción publicado en 2017, coa súa creación do contrato fixo de obra, valorando se se adecúa ás previsións da Directiva 70/99/CE.

O décimo capítulo ocúpase da análise dos últimos pronunciamentos en materia de tempo de traballo e gardas. M^a Isabel Ribes Moreno esmiza os pronunciamentos do Tribunal de Xustiza que delimitaron as ríxidas fronteiras entre tempo de traballo e tempo de descanso, desmontando as diversas construcións de tempos intermedios dos Estados Membros. Sobre esta base, o estudo dos pronunciamentos dos asuntos *Radiotelevizija Slovenija* e *Stadt Offenbach Am Main* demarca ambos os conceptos en supostos de gardas de dispoñibilidade en zonas illadas e con tempos máximos de resposta. Reitérase o criterio sustentado na incidencia obxectiva das limitacións ao traballador para dedicarse aos seus asuntos persoais como determinante da consideración como tempo de traballo. A autora sinala con acerto como a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza sobre gardas de localización está aínda en proceso de construción dos seus elementos característicos.

O último capítulo desta obra colectiva é o dedicado ao cómputo dos días de permisos retribuídos e a súa posible coincidencia con períodos de descanso ou vacacións do traballador, e é obra de Lucia Dans Álvarez de Sotomayor. Toma a autora como base da súa análise a sentenza do Tribunal Supremo do 13 de febreiro de 2018 e a do Tribunal de Xustiza no caso *Fetico*, para establecer moi certeiraamente as súas contradicións y similitudes.

Á vista do anterior, pode afirmarse que o libro comentado constitúe unha obra de referencia para os profesionais do

Dereito e para todos aqueles que pretendan profundar sobre a influencia da doutrina do Tribunal de Xustiza no dereito e na xurisprudencia españolas nos últimos años.

LIDIA DE LA IGLESIA AZA
Doutora en Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela
Lidiadelaiglesia.aza@usc.es